Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tlnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA
SECRETARÍA XERAL

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto: SELECCIÓN DOS MEMBROS DA BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS E DE DOUS CHOFERES PARA O VEHÍCULO MOTOBOMBA ADSCRITO AO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.-**

Con data 28 de xuño de 2016 o concello asinou coa Consellería do Medio Rural un Convenio de colaboración para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018 cofinanciado parcialmente co FEADER no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

A cláusula 6.1. do dito convenio obriga ao concello a dispoñer de persoal encargado do vehículo motobomba que se adscribe ao operativo.

Así mesmo a cláusula 8 do convenio obriga ao concello a dispoñer dunha brigada que realice funcións de prevención e defensa contra os incendios forestais.

En consecuencia, ao igual que en anos anteriores o concello debe proceder á contratación de dos dous choferes que manterán operativo o vehículo durante 16 horas ó día durante 3 meses do ano 2017, así como á contratación dunha brigada durante 3 meses coa seguinte composición:

--Un (1) xefe de brigada con carné de conducir clase B
--Un (1) peón condutor co permiso de conducir clase B.
--Tres (3) peóns.

Dada a premura de tempo ao estar xa iniciada a temporada de verán o proceso selectivo do dito persoal se convoca mediante resolución desta alcaldía que se comunica ao Comité de Empresa do concello.

Por todo isto, esta Alcaldía, conforme ás bases específicas sinaladas ao respecto no Convenio de Colaboración asinado coa Consellería de Medio Rural con data 28 de xuño de 2016 e no uso das atribucións que lle confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril e LBRL, 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.14 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

### ACORDA

**PRIMEIRO.- CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO QUE SE CONVOCAN.-**

Convocase proceso selectivo para a cobertura dos seguintes postos de traballo:

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

--Dous (2) postos de traballo de chofer para o vehículo motobomba adscrito ao servizo de prevención de incendios forestais.

--Brigada municipal para a prevención e defensa contra os incendios forestais coa seguinte composición:

--Un (1) xefe de brigada con carné de conducir clase B

--Un (1) peón condutor co permiso de conducir clase B.

--Tres (3) peóns.

Coas persoas seleccionadas asinarase un contrato laboral temporal a tempo completo durante 3 meses de duración.

As retribucións que percibirán os/as traballadores/as contratados/as serán as fixadas no convenio de colaboración asinado entre o concello e a Consellería de Medio Rural con data 28 de xuño de 2016.

**SEGUNDO.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-**

Os/a traballadores/as que sexan contratados/as deberán posuír os seguintes requisitos:

**1. Choferes do vehículo motobomba:**

a) Estar en posesión do permiso de conducir Clase C.
b) Ter experiencia acreditada nas tarefas de extinción de incendios forestais.
c) Posuír unha capacidade física axeitada.

**2.- Membros da Brigada municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais:**

**a) Xefe de brigada.-**

1) Deberá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes; Enxeñeiro Técnico Forestal; Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos; Técnico en Traballos forestais e Conservación do Medio Natural ou Formación Profesional equivalente.

2) Ademais deberá estar en posesión do permiso de conducir clase B.

**b) Peón condutor:**

1) Deberá estar en situación de desemprego.

Praza do Concello, nº 1 rexistro.xeral@vilanovadearousa.com Tfnos.: 986 554 021
36620 Vilanova de Arosua www.vilanovadearousa.com 986 554 082
Pontevedra 986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

2) Deberá posuír o permiso de conducir clase B.

c) **Peóns:**

1) Deberán estar en situación de desemprego.

**TERCEIRO.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.-**

O procedemento de selección desenvolverase do seguinte xeito:

**1. PARA OS CHOFERES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA.-**

O concello, a través da súa Orientadora Laboral, tramitará ante o Servizo Público de Emprego en Galicia (SPEG), unha oferta en base ao perfil profesional dos postos de traballo a ocupar.En todo caso, no momento en que o concello requira o listado do SPEG, deberá publicar esta Resolución na súa páxina web www.vilanovadearousa.com dentro do portal "oferta pública de emprego".

Recibida no concello o listado de aspirantes remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), se celebrará a entrevista ás persoas incluídas no dito listado. A citación corresponderá efectuala ao dito organismo.

En dita entrevista os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do permiso de conducir tipo C en vigor.
b) Libro de Familia ou fotocopia compulsada do mesmo.
c) Certificado médico de posuír capacidade física para participar nas tarefas de extinción de incendios forestais.
d) Informe acreditativo expedido polo organismo ou institución onde estivera realizando tarefas de voluntariado na de extinción de incendios forestais.
   en ano/s anterior/es.
e) Informe de vida laboral.

A selección dos traballadores efectuarase pola comisión de selección mediante a aplicación do seguinte baremo:

a) Experiencia en tarefas de extinción de incendios forestais a razón de 2 puntos por campaña anual ate un máximo de 6,00 puntos.

b) Cargas familiares.- Valoraranse ate un máximo de 2 puntos coa seguinte escala:

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arosua
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069



Por cada fillo menor de 26 anos: 0,50 puntos.

c) Antigüidade na situación de desemprego segundo o informe de vida labroal: 0,10 puntos por mes ate un máximo de 2,00 puntos.

O aspirante que non achegue o Libro de Familia ou a fotocopia compulsada do mesmo no acto da entrevista non será valorada por este apartado.

d) A entrevista será valorada de 0 a 2 puntos, conforme as seguintes especificacións:

-- Será persoal e versará exclusivamente sobre aspectos curriculares.

-- No acta da comisión de selección reflectirase de xeito detallado a puntuación que cada un dos membros da mesma outorga aos aspirantes pola dita entrevista persoal.

Trala celebración da entrevista a comisión elevará á Alcaldía a proposta de contratación levantando acta de todo o actuado. Nos casos de empate este dirimirase en función do maior tempo en situación de desemprego desde o último contrato de traballo e, de persistir o empate, se dirimirá ó chou.

Unha vez asinada a resolución da alcaldía publicarase un anuncio polo presidente da comisión de selección coa identidade dos traballadores seleccionados que se inserirá no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web www.vilanovadearousa.com dentro do portal "oferta pública de emprego".

**2.- PARA OS MEMBROS DA BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.-**

O concello, a través da súa Orientadora Laboral, tramitará ante o Servizo Público de Emprego en Galicia (SPEG), unha oferta en base ao perfil profesional dos postos de traballo a ocupar.En todo caso, no momento en que o concello requira o listado do SPEG, deberá publicar esta Resolución na súa páxina web www.vilanovadearousa.com dentro do portal "oferta pública de emprego".

Recibida no concello o listado de aspirantes remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), se celebrará a entrevista ás persoas incluídas no dito listado. A citación corresponderá efectuala ao dito organismo.

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arosua
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

A documentación que deberán presentar os aspirantes á comisión de selección no momento da entrevista será a seguinte:

**1) Xefe de Brigada:**

--Fotocopia compulsada do documento que acredite estar en posesión dunha das titulacións esixidas para desenvolver o posto de traballo.
--Fotocopia compulsada do permiso de conducir clase B.
--Libro de Familia ou fotocopia compulsada do mesmo.
--Informe de vida laboral expedido polo INSS.

**2) Peón condutor:**

-- Fotocopia compulsada do permiso de conducir clase B.
-- Libro de Familia ou fotocopia compulsada do mesmo.
-- Informe de vida laboral expedido polo INSS.
-- Informe acreditativo expedido polo organismo ou institución onde estivera realizando tarefas de voluntariado na de extinción de incendios forestais.en ano/s anterior/es.

**1) Peóns:**

--Informe de vida laboral expedido polo INSS.
--Informe acreditativo expedido polo organismo ou institución onde estivera realizando tarefas de voluntariado na de extinción de incendios forestais.
en ano/s anterior/es.
--Libro de Familia ou fotocopia compulsada do mesmo.

A entrevista se desenvolverá consonte as seguintes normas:

-- Será persoal e versará exclusivamente sobre aspectos curriculares.

-- No acta da comisión de selección reflectirase de xeito detallado a puntuación que cada un dos membros da mesma outorga aos aspirantes pola dita entrevista persoal.

Trala celebración da entrevista. a Comisión de Selección procederá a baremar aos aspirantes atendendo aos seguintes criterios obxectivos:

**1) Xefe de Brigada:**

--Por cada mes en situación desemprego desde o último contrato de traballo: 0,10 puntos por mes ate un total de 10,00 puntos.

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

-- Cargas familiares.- Valoraranse ate un máximo de 2 puntos coa seguinte escala:

Por cada fillo menor de 26 anos: 0,50 puntos.

O aspirante que non achegue o Libro de Familia ou a fotocopia compulsada do mesmo no acto da entrevista non será valorado por este apartado.

--Por ter desenvolvido as labores de xefe de brigada en campañas anteriores a razón de 2 puntos por campaña anual ate un máximo de 10,00 puntos.

--Puntuación da entrevista: De 0 a 2 puntos.

**2) Peón condutor:**

--Por cada mes en situación desemprego desde o último contrato de traballo: 0,10 puntos por mes ate un total de 6 puntos.

--Por cada mes de pertenza a unha Agrupación de Voluntarios de Protección Civil: 0,10 puntos por mes ate un total de 6 puntos.

--Por cada mes de servizos prestados como membro dun Grupo Local de Pronto Auxilio dun concello: 0,10 puntos por mes ate un total de 6 puntos.

-- Cargas familiares.- Valoraranse ate un máximo de 2 puntos coa seguinte escala:

Por cada fillo menor de 26 anos: 0,50 puntos.

O aspirante que non achegue o Libro de Familia ou a fotocopia compulsada do mesmo no acto da entrevista non será valorado por este apartado.

--Puntuación da entrevista: De 0 a 4 puntos.

**3) Peóns:**

--Por cada mes en situación desemprego desde o último contrato de traballo: 0,10 puntos por mes ate un total de 6 puntos.

--Por cada mes de pertenza a unha Agrupación de Voluntarios de Protección Civil: 0,10 puntos por mes ate un total de 6 puntos.

--Por cada mes de servizos prestados como membro dun Grupo Local de Pronto Auxilio dun concello: 0,10 puntos por mes ate un total de 6 puntos.

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

-- Cargas familiares.- Valoraranse ate un máximo de 2 puntos coa seguinte escala:

Por cada fillo menor de 26 anos: 0,50 puntos.

O aspirante que non achegue o Libro de Familia ou a fotocopia compulsada do mesmo no acto da entrevista non será valorado por este apartado.

--Puntuación da entrevista: De 0 a 4 puntos.

A Comisión de Selección, a través do seu presidente, publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello a puntuación final coa suma das puntuación da entrevista persoal e da baremación. Nos casos de empate este dirimirase en función do maior tempo en situación de desemprego desde o último contrato de traballo e, de persistir o empate, se dirimirá ó chou.

Ao mesmo tempo elevará a alcaldía proposta de contratación daqueles aspirantes que obteñan maior puntuación **supeditada á superación do curso de formación, do recoñecemento médico e dos test físicos.**

**Curso de formación, recoñecemento médico e probas físicas.-** As persoas seleccionadas para cada un dos postos de traballo pertencentes á Brigada municipal, antes de asinar o correspondente contrato de traballo, deberán:

a) Realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas de duración que deberá ser impartido por persoal competente na materia: un enxeñeiro de montes ou por un enxeñeiro técnico forestal. O custe do dito curso será asumido polo concello.

b) Realizar unha proba de esforzo físico obrigatoria nos termos previstos no convenio.

c) Pasar un recoñecemento médico preventivo.

A este efectos o concello poderá contratar unha empresa acreditada que, ao remate do curso e das probas certificará a superación das mesmas por cada aspìrante seleccionado. Recibido o dito certificado no concello, se asinarán os correspondentes contratos de traballo.

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arosua
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tlnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Se algún dos aspirantes seleccionados non acreditara ter superado o curso de formación, as probas de esforzo físico ou o recoñecemento médico preventivo, se chamará ao seguinte na lista de aspirantes para que realicen este trámite.

Por outra parte sendo imprescindible para a operatividade da brigada municipal a contratación dun xefe da mesma, se acorda expresamente que, para o suposto de que o SPEG non remita un listado de aspirantes o cando o/a aspirante seleccionado/a renuncie ao posto ou cando a selección quede deserta, a alcaldía poderá contratar directamente ao dito xefe que, en todo caso, deberá cumprir os requisitos esixidos na presente resolución para desenvolve lo posto.

**CUARTO.- SUPOSTO DE NON COBERTURA DO POSTO DE XEFE DE BRIGADA.-** Tendo en conta que a brigada non pode empezar a funcionar sen a existencia dun Xefe de Brigada, para o suposto que se declare deserta a súa cobertura por non se ter presentado ningún aspirante ou para o caso de que a persoa seleccionada e proposta pola comisión de selección renuncie á sinatura do contrato, con carácter excepcional e dadas o avanzado da época de risco de incendios forestais, a Alcaldía queda facultada para asinar directamente un contrato laboral cun traballador ou traballadora que reúna todos os requisitos esixidos no apartado 2.2.a) desta Resolución.

**QUINTO.- COMISIÓN DE SELECCIÓN.-**

O proceso selectivo será dirixido, impulsado e executado por unha Comisión de Selección que terá a seguinte composición:

Presidente: Magdalena Méndez Suárez, Técnico de Administración Xeral do concello.
Secretario: David Vidal Paz, funcionario encargado da tramitación de subvencións concedidas por outras Administracións Públicas.
Vogais:
Susana Serantes Álvarez, funcionaria do concello.
Alfonso Rodríguez Otero, traballador encargado do área de obras e servizos do concello.
Joaquín García Barros, Inspector Xefe da Policía Local.
María José Cidón Conde, Orientadora Laboral do concello.

Calquera modificación da composición da comisión será obxecto dunha resolución da alcaldía.

Por razón de posuír a titulación requirida, para a selección do posto de traballo de xefe de brigada a comisión de selección terá a seguinte composición:

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arosua
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

**Concello de**
**Vilanova de Arousa**
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Presidente: Magdalena Méndez Suárez, Técnico de Administración Xeral do concello.

Secretaria: Susana Serantes Álvarez, funcionaria do concello.
Vogal: María José Cidón Conde, Orientadora Laboral do concello.

Vilanova de Arousa a 24 de maio de 2017.

O ALCALDE

Gonzalo Durán Hermida

ANTE MIN.DOU FE
O SECRETARIO XERAL

Javier Bouzada Romero